

25n
2020

Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres



UNIDADE DIDÁCTICA para traballar nas aulas
de Secundaria o 25N



Edita: Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Lorena Boquete Vila. Psicóloga, Sexóloga e promotora de igualdade
@lorenaboquete

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Introdución

Corría o ano 1981 cando o movemento feminista latinoamericano organizou unha convocatoria para o 25 de Novembro con motivo da conmemoración da data na que foran asasinadas en 1960 as irmás Mirabal, servindo este acontecemento para denunciar a violencia que é exercida cara as mulleres en todo o mundo. Esta xornada conmemorativa foi sucedéndose co transcurso dos anos, e no ano 1999 a Asamblea Xeral das Nacións Unidas (ONU) declarou o 25 de Novembro o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Por violencia contra as mulleres a ONU entendeu que se trata de


“todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada”

(ONU, 1999)

Foi a partir deste fito histórico cando os estados, autonomías e outras estruturas de goberno transnacionais comezaron a promulgar leis que axudaron a dar visibilidade ao problema e a propor estratexias de prevención. Un exemplo atopámolo a nivel estatal na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Tamén a nivel autonómico atopamos na Galiza a Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que seguindo a definición proposta pola ONU, entende por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

Tamén no eido educativo as distintas leis de educación que se foron sucedendo comezaron a facer explícito o papel da educación regulada na promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero. A LOMCE advirte que un dos seus principios é “O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. De igual maneira establece que un dos seus fins é “A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade”.

Polas características dos centros educativos, estes convértense en contextos idóneos para a introdución de valores igualitarios, libres de prexuizos e de estereotipos sexistas, proporcionando modelos de relacións baseados na igualdade, o



respecto e o rexeitamento de calquera tipo de violencia. Do mesmo xeito tamén son espazos nos que é posible a detección e atención de casos de violencia de xénero.

Ponse de manifesto por tanto que os centros educativos teñen un papel relevante para rachar coa a violencia de xénero e outras formas de discriminación, co fin de facilitar cambios cara unha sociedade máis igualitaria. Esta guía pretende ofrecer ferramentas e actividades que axuden ao profesorado a acadar dito cometido.

Obxectivos

O obxectivo principal que se persegue coas actividades propostas nesta guía é o de promover a consecución dunha sociedade máis xusta e igualitaria, libre de violencias machistas e caracterizada pola consecución dun estado de benestar para todas as persoas.

Entre os obxectivos específicos podemos identificar os seguintes:

- ▷ Promover o empoderamento das nenas e mulleres
- ▷ Sensibilizar sobre os distintos tipos de opresións e desigualdades, especialmente as relacionadas co sexo-xénero.
- ▷ Facilitar o desenvolvemento de habilidades e condutas non machistas.
- ▷ Identificar como se crean as diferenzas de xénero no proceso de socialización.
- ▷ Analizar as distintas funcións asignadas socialmente aos diferentes xéneros.
- ▷ Potenciar a deconstrución dos estereotipos e roles de xénero.
- ▷ Favorecer a reflexión sobre as causas e consecuencias das opresións de sexo-xénero.
- ▷ Promover a igualdade e o respecto.
- ▷ Proporcionar información sobre estratexias de denuncia das violencias machistas.



Metodoloxía

Proponse unha metodoloxía baseada na participación activa por parte do alumnado, de xeito que se poida favorecer o intercambio de ideas e experiencias, o diálogo e a construción colectiva entre todas as persoas que conforman a aula. Neste sentido o rol do profesorado debe ser o de facilitador, guiando as actividades, cuestionando os argumentos e actitudes machistas que poidan ir xurdindo e ofrecendo argumentos e alternativas de pensamento e conducta máis igualitarias. Nestas actividades non se espera por tanto que o profesorado actúe como un mero transmisor de información. Ao mesmo tempo é ben sabido que o profesorado ten un papel importante na aula xa que pode servir de modelaxe, neste sentido consideramos importante destacar a importancia de traballar en prol da igualdade de xeito transversal, no día a día e ao longo das distintas materias, adoptando unha linguaxe inclusiva e unha perspectiva interseccional e de cuestionamento das opresións que estamos a reproducir en tanto que individuos atravesados por unhas condicións e vivencias concretas.



Actividades

Actividade 1: LÍMITES


Descrición

Para realizar esta actividade propónse que as persoas traballen por parellas, deixando que sexa o propio alumnado o que escolla a parella coa que quere traballar.

A actividade comezará explicando que unha das dúas persoas da parella deberá dar unha masaxe á outra persoa (e advertimos que despois se van a inverter as quendas). Para iso explicamos que a persoa que recibe a masaxe debe ir guiando á persoa que dá a masaxe, indicando en que zonas quere recibila e de que xeito (movementos, presión, rapidez...). Tamén pode indicar cando quere que pare e dar un feedback sobre as sensacións que ten, se lle gusta, se é relaxante, etcétera. Pola súa parte a persoa que dá a masaxe debe cumprir as ordes que lle indica a persoa masaxeada, a non ser que as ordes lle fagan sentir incómodo/a; neste caso deberá verbalizar que non quere facelo e, se quere, o motivo. Establecemos quendas de 10 minutos para cada masaxe. Unha vez rematada a primeira quenda invértense os roles.

Dado que estamos a traballar con adolescentes e é unha etapa do desenvolvemento na que algunhas persoas poden ter moito desexo sexual, se a/ao profesor/a lle dá máis seguridade pode poñer como excepción que non se pode solicitar masaxear certas partes do corpo como os xenitais.

Unha vez rematadas as masaxes recoméndase facer unha reflexión grupal na que cada persoa conte como se sentiu ao realizar a actividade, se estivo relaxada/o ou se pola contra lle resultou violento que unha persoa tivera acceso ao seu corpo aínda que fose seguindo as súas indicacións, como se sente ter que tocar outros corpos seguindo os seus desexos, que límites persoais tiña cada persoa, de que xeito foron capaces de impoñer os seus límites, comentar se nalgún momento houbo conflitos de intereses e como os solucionaron. Podemos preguntar se preferirían ter realizado a actividade con outras persoas e por que, que características pensan que son imprescindibles nunha persoa para que lles poida facer sentir cómodas/os o intercambio de contacto físico con esta, etcétera.



Obxectivos

- ▷ Adestrar habilidades de comunicación, expresión de sentimentos e emocións, habilidades de negociación.
- ▷ Aprender a solicitar pracer e aceptar que todos os corpos merecen sentir pracer.
- ▷ Identificar límites persoais.
- ▷ Expresar límites persoais.
- ▷ Respetar os límites doutras persoas.
- ▷ Comprender a noción de consentimento.
- ▷ Desenvolver habilidades de empatía e escoita activa.

Materiais

Un espazo cómodo. Dada a situación de crise sanitaria actual derivada da covid-19 sería preciso dispoñer de xel hidroalcohólico e máscaras.

Actividade 2: O CONSENTIMENTO É COMO UNHA CUNCA DE TÉ

Descrición

Para esta actividade propónse a visualización do vídeo “Consentimiento sexual explicado con té”, dispoñible en Youtube no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8>

Unha vez visto o vídeo propónse unha reflexión sobre o concepto de consentimento e preguntamos como poderíamos saber que unha persoa non quere manter unha relación sexual. Anotamos as ideas que van xurdindo nunha columna do encerado da aula. Entre as ideas que deberíamos recoller en resultado a esta pregunta deberían estar: ten medo, non expresa verbalmente o seu desexo de manter a relación sexual, o seu corpo está tenso, non toma a iniciativa para levar a cabo prácticas sexuais, chora, non expresa pracer, etcétera. A continuación preguntamos como poderíamos saber se unha persoa quere manter unha relación sexual. Recollemos as ideas noutra columna do encerado. Algunhas das cousas que deberíamos de recoller son: expresa verbalmente o seu desexo de manter a relación sexual, expresa verbalmente que está desfrutando do que está facendo, expresa non verbalmente que está desfrutando (expresión facial, outros sons..), ten iniciativa sexual, etcétera.

Despois propónse facer unha reflexión acerca da posibilidade de mudar de parecer ao longo da relación sexual, de tal xeito que unha persoa pode consentir inicialmente pero cambiar de idea mentres se está levando a cabo a relación sexual. Tamén se propón falar do falso consentimento, por que se pode dar, en que situacións, se pode ser unha “estratexia para evitar males maiores”, quen soe dar máis falso consentimento e por que (estereotipo de que os homes sempre queren vs. rol de submisión das mulleres), analizar se consideran que algunha vez deron ou recibiron falso consentimento, se este se soe dar máis en relacións de parella ou noutro tipo de relacións, etcétera.

Obxectivos

- ▷ Identificar as expresións de desexo e interese por manter relacións sexuais en contraposición coa falta de interese ou desexo.
- ▷ Respetar os límites doutras persoas.
- ▷ Comprender a noción de consentimento.
- ▷ Reflexionar sobre o falso consentimento.
- ▷ Desenvolver habilidades de empatía e escoita activa.
- ▷ Identificar presións para manter relacións sexuais.

Materiais

Proxector, alt falantes, ordenador, encerado, xis, conexión a internet.

Actividade 3: ACEPTANDO A DIVERSIDADE CORPORAL

Descrición

Comezamos a actividade preguntando ao alumnado que sabe sobre a mutilación xenital feminina e comprobamos que teñan concepcións que non sexan erróneas. Propoñemos a visualización do vídeo “La Mutilación genital femenina está en España”: Entrevista con Asha Ismail” dispoñible en Youtube no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=ivj-wsWiVXo>

Tras a visualización do vídeo, se había ideas erróneas comprobamos que queden desbotadas. Podemos formular certas preguntas ou debates, como se é ético que as familias tomen unha decisión con repercusións tan nocivas para a integridade física e mental das súas fillas, se existe algunha práctica equivalente para os homes (a circuncisión non se pode considerar equivalente xa que as motivacións e as implicacións non son as mesmas), que outros mecanismos de control da sexualidade feminina coñecen, etcétera.

A continuación propónse a visualización do vídeo “¿Es bueno hacerse una intervención estética en la vulva? Testimonio real sobre la labioplastia” dispoñible en Youtube no seguinte enlace: https://www.youtube.com/watch?v=nCWA9_f4e4k

Unha vez visto o vídeo propónse unha reflexión sobre as diferenzas entre a mutilación xenital feminina e as presións sociais que levan ás persoas a realizar labioplastias ou outras intervencións cirúrxicas para aceptar os seus corpos. Indagamos sobre as presións ás que todas as persoas nos vemos sometidas para encaixar nun determinado tipo de patrón corporal. Preguntárase de onde proceden esas presións (redes sociais, familia, amizades, medios de comunicación, pornografía...), se son iguais para homes e mulleres, en que se diferencian, cales son as/os seus referentes, con quen adoitan compararse. Se xurde o tema da pornografía pódese analizar que modelos corporais e condutuais se ven no porno mainstream, se son realistas ou non intentando non caer no moralismo e respectando os gustos e intereses sexuais individuais.





Finalmente propoñemos a visualización de varios vídeos da conta de Instagram de @danaemercer <https://www.instagram.com/danaemercer/?hl=es> para repensar sobre a veracidade dos contidos que consumimos na rede e ofrecer un referente body positive.

Obxectivos

- ▷ Coñecer a realidade da mutilación xenital feminina.
- ▷ Reflexionar sobre as presións estéticas ás que se ven sometidas as mulleres e os homes.
- ▷ Adoptar unha actitude crítica ante os contidos que consumimos na rede e noutros medios.
- ▷ Potenciar a deconstrución dos estereotipos e roles de xénero.
- ▷ Favorecer a reflexión sobre as causas e consecuencias das opresións de sexo-xénero.
- ▷ Promover o empoderamento e a aceptación corporal.
- ▷ Sensibilizar sobre os distintos tipos de opresións e desigualdades, especialmente as relacionadas co sexo-xénero.

Materiais

Proxector, alt falantes, ordenador, conexión a internet.

Actividade 4: O ICEBERG DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Descrición

Propónse a escoita activa e análise da canción “Sufre mamón” de Hombres G, dispoñible en Youtube no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=Gq96--CO4ZU>

Tras a escoita da canción propoñemos reflexionar sobre a mensaxe da canción, que historia conta, que emocións está experimentando o protagonista, como as está xestionando, se pensamos que a súa conducta é constitutiva de delito, e si é así de que delitos estaríamos falando, como experimentaría esa situación a rapaza, se pensamos que iso podería ser etiquetado como violencia de xénero, que é a violencia de xénero e que tipos de violencia de xénero coñecen.

A continuación poderíase proxectar a imaxe “O iceberg da violencia de xénero” que aparece recollida nesta guía unhas páxinas máis abaixo e pedir ao alumnado que explique cal é a interpretación que fan dela. Pódeselles suxerir tamén que poñan exemplos de cada un dos tipos de violencia que aparecen recollidos e aclarar os conceptos que non coñecen. Podemos preguntar por máis tipos de violencia que non aparecen recollidas no iceberg, como a feminización da pobreza, o teito de cristal, o chan pegañento, a dobre xornada ou a violencia obstétrica, entre outras.

Obxectivos

- ▷ Sensibilizar sobre os distintos tipos de opresións e desigualdades, especialmente as relacionadas co sexo-xénero.
- ▷ Comprender os tipos de violencia de xénero que se exercen contra as mulleres.
- ▷ Visibilizar conductas de maltrato, violencia e desigualdade menos coñecidas.
- ▷ Reflexionar sobre a importancia da adecuada xestión emocional.
- ▷ Analizar o patrón de masculinidade hexemónica.

Materiais

Proxector, alt falantes, ordenador, conexión a internet.

Actividade 5: CANTANDO BO TRATO

Descrición

Os grupos de traballo deben elaborar unha canción na que contén unha historia de bo trato, dando valor aos coidados mutuos na parella, á importancia da comunicación e da sinceridade. Para elaborar a canción poden tomar como base algunha canción que xa coñezan e cambiarlle a letra, tamén poden inventar o ritmo e a letra da canción dende cero. Unha vez que teñan rematada a canción unha/varias/todas a/s persoa/s do grupo poderán cantala ou interpretala. Se hai algún grupo ao que lle dea vergoña pode facer un vídeo ou gravación cantando que posteriormente se escoitará na aula.

Unha vez postas en común as cancións elaboradas preguntárase ao alumnado pola dificultade da tarefa e se consideran que teñen moitos referentes de bo trato. Podemos analizar para quen ían dirixidas esas cancións, intentando indagar se hai unha representación cisheteronormativa e monógama do amor, baseado no modelo de amor romántico.

Obxectivos

- ▷ Fomentar a creatividade e o desenvolvemento de habilidades artísticas.
- ▷ Reflexionar sobre os coidados e o bo trato.
- ▷ Identificar condutas que nos provocan emocións e sensacións positivas e que nos fan sentir coidados/as.
- ▷ Promover a igualdade e o respecto.
- ▷ Favorecer a expresión de sentimentos.
- ▷ Repensar modelos de relación máis aló do mito do amor romántico.

Materiais

Altosfalantes, ordenador, conexión a internet.



Actividade 6: CONCURSO DE LEMAS

Descrición

Para realizar esta actividade propónse a creación de grupos de traballo de 4 ou 5 persoas. A tarefa que se encomendará a cada grupo é a de realizar unha actividade de visibilización e reivindicación con motivo do 25N en redes sociais.

O ideal sería poder realizar esta actividade ao longo de dúas sesións en días non consecutivos. Dado que é unha actividade que requirira de traballo fora do contexto de aula, para fomentar a participación sería recomendable que o profesorado ofrecese algún tipo de recompensa ao alumnado pola participación e implicación activa. Un exemplo de recompensa sería a de ofrecer algunha décima de máis na nota final de avaliación do trimestre ao grupo que desenvolva a mellor actividade. Outra alternativa sería a de ofrecer algunha décima a maiores a todos os grupos que participen.

Na primeira sesión os grupos deben de elaborar en conxunto un lema propio que poña de manifesto ou denuncie algún tipo de violencia que é exercida cara as mulleres. Unha vez escollido o lema deben planificar e poñer en marcha algunha actividade reivindicativa a través das redes sociais (Instagram, Tik Tok, Whatsapp...) na que empreguen o lema. Para iso pódense servir de hashtags, crear unha conta nalgunha rede social, elaborar cartaces, vídeos, reels, etcétera.

Debemos deixar uns días para que os grupos poidan poñer en marcha as súas iniciativas, xa que logo deberán ser postas en común na segunda sesión.





Na segunda sesión cada grupo deberá facer unha exposición sobre a actividade que levou a cabo, expoñendo cal foi o lema seleccionado, que actividades desenvolveron para darlle visibilidade, que alcance tiveron as súas propostas nas redes sociais, etcétera. Unha vez rematadas as exposicións de cada grupo poderase debater entre todo o alumnado os puntos fortes de cada proposta, que cousas se poderían cambiar, etcétera. Posteriormente o alumnado votará individualmente a mellor proposta. Se o centro educativo ten vontade, as propostas gañadoras de cada clase poderían proxectarse ou dársele algún tipo de visibilidade nos espazos do centro educativo, tales como pantallas, web ou blogues do centro, etcétera.


Obxectivos

- ▷ Fomentar a creatividade e a implicación en actividades reivindicativas por parte do alumnado.
- ▷ Desenvolver competencias tecnolóxicas.
- ▷ Favorecer a concepción dos espazos online como espazos con potencialidade para a transformación social.
- ▷ Promover habilidades de exposición e negociación grupal.
- ▷ Facilitar a detección e reflexión sobre as violencias exercidas cara as mulleres.
- ▷ Promover a igualdade e o respecto.
- ▷ Proporcionar información sobre estratexias de denuncia das violencias machistas.

Materiais

Móbiles ou ordenadores con conexión a internet.

O iceberg da violencia de xénero



Adaptación ao galego realizada por Lorena Boquete da infografía de Amnistía Internacional e do iceberg da (ciber)violencia de xénero da Guía "Conectar sin que nos raye".

Glosario

- Ciberbullying/ciberacoso:** é un tipo de acoso que se da de forma reiterada a través de medios dixitais, coa finalidade de socavar a autoestima e a dignidade persoal da persoa acosada, danando o seu benestar psicolóxico e/ou emocional, o seu status social. O acoso pode darse a través de mensaxes de texto ou voz, imaxes, vídeos, etcétera.
- Cisheteropatriarcado:** sistema de crenzas e comportamentos que establece que o normal –e por tanto o bo e adecuado– e natural é ser persoas cissexuais e heterosexuais, garantindo o binarismo sexual e a xerarquía de xénero home/muller.
- Cousificación:** refírese a tratar ás mulleres e nenas como se foran unha cousa ou obxecto, deshumanizándoas para poder exercer violencia sobre elas.
- Cultura da violación:** representacións culturais e actitudes normalizadas e aceptadas socialmente da violencia sexual cara as mulleres ou suxeitos feminizados.
- Doxing:** refírese á conducta que consiste en investigar e publicar información privada dunha persoa ou entidade en internet coa finalidade de humillar, ameazar ou intimidar.
- Esteretipos de xénero:** son aqueles que crean expectativas sociais, actitudes e roles que atribuímos a un grupo determinado, neste caso, ao colectivo de homes e de mulleres.
- Falso consentimento:** fai referencia ao espellismo de consentimento que se da cando unha persoa non expresa verbalmente a súa vontade de non ter unha relación sexual (aínda que si o pode expresar doutro xeito, por exemplo coa súa linguaxe non verbal), ou cando unha persoa non declina ter unha relación sexual por medo, porque está coaccionada, intimidada, etcétera. É dicir que non existiría verdadeira vontade ou desexo.
- Feminismo:** conxunto de correntes teóricas, sociais e políticas que buscan unha transformación social baseada na consecución da igualdade de xénero.
- Feminización da pobreza:** termo que da conta do feito de que a maioría de persoas empobrecidas son mulleres.
- Fenda dixital de xénero:** concepto que fai referencia ás desigualdades de xénero que teñen que ver co emprego de TICs. Existen tres fendas dixitais: a primeira fai referencia ao desigual acceso aos recursos, a segunda fai referencia ao uso desigual de plataformas dixitais e medios tecnolóxicos relacionados con internet, a terceira refírese á calidade do uso.
- Gafas violetas:** é unha metáfora que se emprega para referirse ao acto de tomar conciencia das desigualdades de xénero e adoptar unha mirada crítica cara estas.
- Identidade sexual/de xénero:** sentimento de pertenza ou non a un ou varios xéneros. Tradicionalmente considerábanse dúas, muller e home, directamente re-

lacionados co sexo asignado ao nacer. Na actualidade sabemos que as persoas poden ter un xénero coincidente co sexo que lle foi asignado ao nacer (persoas cis) ou non coincidente (persoas trans), que poden non ter ningún sentimento de pertenza a un xénero ou poden sentir que pertencen parcialmente a varios á vez.

Interseccionalidade: consiste nunha ferramenta analítica que nos permite tomar consciencia dos distintos xeitos de exercer opresión cara outras persoas polo feito de ter un privilexio. Algunhas fontes estruturais de desigualdade son a raza, o xénero, a clase social, a orientación sexual, a etnia, a nacionalidade, a idade, a corporalidade, etcétera.

LGTBQIA+ fobias: refírese á actitude intolerante, discriminatoria e de rexeitamento cara a diversidade sexual relativa á orientación sexual, a identidade sexual e a expresión de xénero. Atendendo ás siglas L de lesbiana, G de gay, T de trans*, B de bisexual, Q de queer, I de intersexual, A de asexual e o + inclúe ao resto de diversidades sexuais.

Micromachismos: termo que fai referencia ás violencias máis invisibles e normalizadas na sociedade, e que son máis custosas de percibir pola súa sutileza.

Misoxinia: orixinada da unión entre os termos gregos “miseo” e “gyne”, cuxos significados son respectivamente odio e mulleres. A palabra misoxinia é usada para definir o sentimento de aversión, repulsa ou desprezo polas mulleres e valores femininos. Este sentimento tradúcese en comportamentos machistas, cuxas opinións, actitudes buscan o establecemento e a manutención das desigualdades e xerarquías entre homes e mulleres, contribuíndo á crenza de superioridade do poder e da figura masculina.

Roles de xénero: Son construcións culturais da nosa sociedade que esperan das persoas certos comportamentos. Asignan aos homes a masculinidade e ás mulleres a feminidade, para o caso das sociedades occidentais. Non todas as culturas perciben os mesmos roles de xénero, nin son necesariamente fixos, nin están ligados á lóxica binaria (muller/home).

Sexismo: expresión da discriminación baseada no sexo, caracterizada por diferenzas e por un trato desigual entre homes e mulleres, pero, especialmente, pola supeditación dun sexo sobre o outro. Dada a nosa estrutura de sexo-xénero, o sexismo dáse do sexo masculino cara o feminino. Esta xerarquización, baseada no poder, é unha característica de calquera práctica discriminatoria.

Violencia de xénero: segundo a ONU (1999) fai referencia a todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada.

Xerarquización de xénero: fai referencia á idea construída e difundida socialmente de que o “masculino” ten un valor superior ao “feminino”.

Bibliografía

- Comunidad Autónoma de la Región de Murcia (2016). *Guía de actuación contra la violencia de género en el ámbito educativo*. Recuperado de <https://igualdady-violenciadegenero.carm.es/documents/202699/4328688/Gu%C3%ADa+de+actuaci%C3%B3n+contra+la+violencia+de+g%C3%A9nero+en+el+%C3%A1mbito+educativo/2df854b8-2979-4f9a-9bf5-fbeab3a71020>
- Consejería de Igualdad del Cabildo de Gran Canaria (2017). *Masculinidades. Materiales para la formación y el debate*. Recuperado de <https://igualdad.grancanaria.com/documents/6306648/0/Libro+MASCULINIDADES2/ae5ff436-4852-4093-ab9b-13af1570b658>
- DÍEZ, C., MORENO, M. y RUIZ, C. (2017). *Guía para la prevención y la actuación ante la violencia de género en el ámbito educativo*. Instituto Asturiano de la Mujer del Principado de Asturias. Recuperado de <https://violenciagenero.org/sites/default/files/guia-violencia-genero-ambito-educativo.pdf>
- DUQUE, I. (2020). *Conectar sin que nos raye*. Recuperado de http://andujar.es/fileadmin/pdfs/Mujer/GUIA_conectar_sin_que_nos_raye.pdf
- ESTÉBANEZ, I. (2018). *La ciberviolencia hacia las adolescentes en las redes sociales*. Instituto Andaluz de la mujer. Recuperado de <https://www.juntadeandalucia.es/export/drupaljda/guia-ciberviolencia-adolescentes.pdf>
- FERNÁNDEZ, P. (2018). *Guía para profesionales ante chicas adolescentes que sufren violencia de género*. Instituto Andaluz de la Mujer. Recuperado de https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/5643_d_Guia_IAM_Adolescentes_genero.pdf
- HERRERA, C. (2018). *Mujeres que ya no sufren por amor*. Catarata.
- HERRERA, C. (2019). *Hombres que ya no hacen sufrir por amor*. Catarata.
- MUÑIZ DE LA PEÑA, C., DE LA CUEVA, F., MOVILLA, K., ONETO, M., CAPINHA, M., PERMUY, M., FERREIRA, N., VARELA, N. e ESCUDERO, V. (2011). *Impacto de la Violencia de género sobre niños, niñas y adolescentes*. Guía de intervención. Meniños y Universidade da Coruña. Recuperado de http://uiicf.net/wp-content/uploads/2018/02/GUIA-Infancia_en-violencia_de_genero.pdf
- KIRKWOOD, C. (1999). *Como separarse de su pareja abusadora*. Ediciones Granica.
- LAGARDE, M. (2015). *Claves feministas para el amor*. Batalla de ideas.
- LINARES, E. (2019). *El iceberg digital Machista*. Instituto vasco de la mujer. Recuperado de https://www.emakunde.euskadi.eus/contenidos/informacion/certamen_publicaciones/es_def/adjuntos/vi_certamen_emakunde_2018.pdf
- POLOSABAT, C. (2016). *Lucía Pérez o el iceberg de la violencia machista*. *La Vanguardia*. Recuperado de <https://www.lavanguardia.com/muyfan/20161023/411244220621/lucia-perez-violencia-machista-agresion-sexual.html>

RASO PRAZERES, R (2020). *8M 2020. Materiais para traballar nas aulas de primaria*. Asociación Socio-Pedagóxica Galega e CIG-Ensino. Recuperado de <https://www.cig-ensino.gal/files/Documentos/8M/8m2020PRIMARIA.pdf>

RASO PRAZERES, R (2020). *8M 2020. Materiais para traballar nas aulas de secundaria*. Asociación Socio-Pedagóxica Galega e CIG-Ensino. Recuperado de <https://www.cig-ensino.gal/files/Documentos/8M/8m2020SECUNDAR.pdf>

RISO, W. (2019) *Los límites del amor*. Zenith.

Onde acudir

Teléfono nacional de atención á violencia de xénero:

016

Teléfono para persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala:

900 116 016

Teléfono de emerxencias:

112

Teléfono da muller da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta:

900 400 273

Asesoramento xurídico online da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta: <https://igualdade.xunta.gal/gl/content/asesoramento-xuridico-line>

Centros de Información ás Mulleres (CIM) de Galicia:

<https://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

A MIÑA VIDA
TEN VALOR. E O MEU
CORPO NON TEN PREZO